

RÁBADE - 21 DE XANEIRO DE 2023 - 16:30 HORAS

XX MEMORIAL

EDUARDO FERNÁNDEZ VILLAMARÍN

Naceu no 1936. Iniciouse no atletismo coa carreira de cross.

Faleceu o 7 de maio de 2003 na súa vila natal de Rábade.

Toda a súa carreira deportiva, estivo vinculada ó San Fernando de Lugo. Foi un dos fundadores da Sociedade Atlética Rabadense.

En 1957. Campión provincial na categoría rural.

Campión provincial absoluto de campo a través, nos anos 1962, 1964 e 1965 en Lugo.

En 1967. Vencedor novamente do provincial de cross, e do trofeo “José Antonio Elola” na vila de Rábade

En 1959. O “I Campionato de España de Segunda Categoría” celebrado en Madrid, nas pistas da cidade universitaria, o atleta de Rábade, deu ó deporte lucense unha gran alegría ó reflectir un crono de 9 mi 37 sg nos 3000 metros obstáculos, sendo en aquel ano 1959, a quinta mellor marca nacional absoluta do ano.

No Campionato Nacional de Clubs de Segunda Categoría, celebrados en Madrid, os días 1 e 2 de setembro de 1962, triunfou por equipos o San Fernando de Lugo.

Gran xesta de Eduardo Fernández, onde gañou os 3000 metros obstáculos, e foi segundo nos 10.000 metros lisos.

Sorprendente, por inesperada, foi a victoria do San Fernando de Lugo ascendendo a 1ª división.

REGULAMENTO

Art. 1.- A saída será na Praza de España ás 16:30 h para os rapaces e ás 17:00 h para a categoría absoluta, a recollida de dorsais será na mesma praza de 15:30h a 16:50h

Art. 2.- O percorrido será de 7 quilómetros e discorrerá dando dúas voltas a un circuito urbano.

Art. 3.- A clasificación será absoluta masculina, absoluta feminina e por categorías.

Art. 4.- Está prohibido o uso de vehículos de axuda.

Art. 5.- Está prohibido correr con carriños de nen@s e con mascotas.

Art. 6.- O participante que ó longo do percorrido cometa algunha irregularidade ou chegue á meta sen o seu dorsal será descalificado.

Art. 7.- As inscricións para todas as categorías serán ata o xoves 19 de xaneiro na páxina web: www.memorialnegrin.gal

Art. 8.- Será obligatoria a utilización do chip de cronometraxe suministrado pola organización excepto para os propietarios do chip amarelo que teñen que utilizar o seu.

Art. 9.- Establécense as seguintes categorías:

CARREIRAS DE RAPACES:

CATEGORÍA MINI: Nad@s en anos posteriores o 2019 (non competitiva) 80 metros

CATEGORÍA A: Nad@s entre 2015-2018 (Primeira carreira). 600 metros

CATEGORÍA B: Nado@s entre 2011-2014 (Segunda carreira). 1.200 metros

CATEGORÍA C: Nad@s 2007-2010 (Terceira carreira). 1.800 metros

HOMES

D) Nados entre 1988/ 2006

E) Nados entre 1978/ 1987

F) Nados no 1977 e anteriores

MULLERES

D) Nadas entre 1988/ 2006

E) Nadas entre 1978/ 1987

F) Nadas no 1977 e anteriores

Art. 10.- PREMIOS PROBA ABSOLUTA

CLASIFICACIÓN ABSOLUTA MASCULINA CLASIFICACIÓN ABSOLUTA FEMININA

1.....	350 €	1	350 €
2.....	250 €	2	250 €
3.....	150 €	3	150 €

Trofeos para @s tres primeir@s de cada categoría.

-Premio especial para o primeiro e primeira participantes da proba absoluta que crucen en primeira posición o sprint intermedio situado ao final da primeira volta e rematen entre os 10 primeiros da clasificación xeral correspondente

Dorsal para a Behobia - San Sebastián* por cortesía de Viajes Almar – JAVO

*O dorsal é persoal e intransferible

-Trofeo para o primeiro e primeira corredores rabadenses clasificados na proba absoluta.

-Trofeo “Eduardo Fernández Villamarín” ao equipo con máis participantes finalizados de todas as categorías masculinas e femininas agás a MINI.

PREMIOS CARREIRAS DE RAPACES

VALE de 50 € en material deportivo para o primeir@ de cada categoría a canxear en Ndorfina (Lugo)

Trofeo @s tres primeir@s clasificad@s de cada categoría

Haberá un agasallo para tódolos participantes

Art. 11.- Dado o carácter popular da proba non se admitirán reclamacións

Art. 12.- Haberá servizo de duchas para @s participantes que o desexen no Pavillón Municipal.

Art. 13.- A entrega de premios e trofeos realizarase ao remate da carreira.

Art. 14.- A comisión organizadora non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, nin dos que poidan recibir eles por parte de persoas ou cousas, sen perxucio dos dereitos que lles puideran corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

Art. 15.- Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan o presente regulamento. No caso de dúbida prevalecerá sempre o criterio da organización.